



**ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2020.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **27 de febreiro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello.**

José Manuel González García, **vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Ramón Quiroga Limia.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2020.**
- 2. Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM nas disposicións transitorias 2ª e 12ª. Plan Parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro.**
- 3. Proposición do grupo municipal do BNG, para crear o Consello de participación e transparencia.**
- 4. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para o incremento de efectivos no corpo da policía local.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para instar ao goberno do estado a determinar unha achega ao concello e establecer unha axenda para o Xacobeo.**
- 6. Proposición do grupo municipal de CA, para impulsar un complexo deportivo ao aire libre no barrio de Sar.**
- 7. Dar conta de execución orzamentaria correspondente ao cuarto trimestre do 2019.**
- 8. Dar conta de expedientes de modificacións orzamentarias correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2019.**
- 9. Dar conta de resolución da alcaldía, de data 6 de febreiro de 2020, de delegación de funcións da alcaldía.**
- 10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**

11. Comparecencia da concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns.

12. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, de data 13 de febreiro de 2020, núm. 76.
- Do grupo municipal do BNG, de data 17 de febreiro de 2020, núm. 78.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 90.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 91.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 95.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 96.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 97.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 106.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 87.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 88.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 89.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 93.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 94.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 98.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 99.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 100.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 31 de xaneiro de 2020, núm. 72.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 10 de febreiro de 2020, núm. 74.
- Do grupo municipal do BNG, de data 12 de febreiro de 2020, núm. 75.

Interpelación:

- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 101.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 79, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reurbanización do barrio da Avda. de Coímbra, Avda. de Salamanca, rúas de Oviedo e de Ultraia.
2. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 80, presentada polo grupo municipal do BNG, para a creación dun cemiterio de animais domésticos.

3. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 83, presentada polo grupo municipal de CA, para o rexeitamento á creación dunha universidade privada en Galicia.
4. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 85, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar as reivindicacións do movemento feminista galego neste 8 de marzo relativas a incrementar o valor social e económico do traballo no fogar e dos coidados.
5. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 86, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar o patrimonio cultural e natural de Lavacolla, como demanda a Asociación Veciñal Ruta Xacobeá.
6. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 92, presentada polo grupo municipal de CA, para planificar estratexicamente as artes de rúa durante a celebración do Xacobeo 2021.
7. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 103, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio á declaración como BIC da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento.
8. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 104, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con motivo do 8 de marzo.
9. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 105, presentada polo grupo municipal de CA, para apoiar as demandas e reivindicacións do colectivo de traballadoras “Kellys”.
10. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 107, presentada polo grupo municipal de CA, con motivo do día 8 de marzo, día internacional da muller.

Ao comezo da sesión gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, M^a Dolores Dopazo Martínez, en relación ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG para axilizar a listaxe no servizo de axuda no fogar.

A continuación, Antón Coucheiro Failde, en relación á moción presentada polo grupo municipal de CA, relativa a planificar estratexicamente as artes de rúa durante a celebración do Xacobeo 2021.

A terceira intervención faina Aitor Sebio Molguero, en relación á moción presentada polo grupo grupo municipal de CA, para apoiar as demandas e reivindicacións do colectivo de traballadoras “Kellys”.

A cuarta é última das intervencións ten lugar por parte de Milagros Rozados Rubianes, en representación das traballadoras da empresa EULEN, en relación coa comparecencia da concelleira delegada de política social, saúde, medio ambiente, parques e xardíns.

Pásase agora a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2020.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros/as presentes, aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de xaneiro do corrente ano.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NAS DISPOSICIÓNNS TRANSITORIAS 2ª E 12ª. PLAN PARCIAL DE FONTIÑAS E PERIS DE CONCHEIROS, VIEIRO E OUTEIRO.

O informe da xefa da sección de xestión urbanística de data 14 de febreiro do corrente ano, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, en relación ao asunto do epígrafe, e ao que, así mesmo, da a súa conformidade a concelleira delegada da área de urbanismo, ten o seguinte contido:

“A Modificación formúlase de oficio a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística co obxecto de reformar a redacción das disposicións transitorias segunda (Plan parcial de Fontiñas) e duodécima (Plans especiais de reforma interior) da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

1. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos técnicos do Servizo Municipal de Licenzas en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa do planeamento incorporado na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro).

Na DT-2ª (Plan parcial de Fontiñas) engádese o seguinte parágrafo:

No que atinxe á utilización dos espazos baixo estarase ao disposto con carácter xeral na normativa do Plan xeral (artigo 125.6, terceiro parágrafo).

Na DT-12ª engádese o seguinte apartado:

Superficie edificable permitida e utilización dos espazos baixo cuberta no ámbito dos PERIS de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, Outeiro e Vieiro

1. *Nos terreos que teñan a condición de solo urbano consolidado, autorizarase o volume edificable definido polo respectivo planeamento incorporado, segundo as condicións de edificación (altura, fondo, ocupación, ...) que nel se establezan.*
2. *Nos polígonos de solo urbano non consolidado, autorizarase tamén o volume edificable definido polo respectivo plan, previa xustificación de que non excede o límite de intensidade establecido pola lei nesta categoría de solo.*
3. *A utilización dos espazos baixo cuberta rexerase polo disposto con carácter xeral na normativa do plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).*

A conveniencia da Modificación proposta xustifícase na necesidade de harmonizar a normativa dos citados instrumentos de planeamento coa regulación xeral da utilización dos espazos baixo cuberta que se contén no PXOM (artigo 125.6), así como adaptar a determinación da superficie edificable en solo urbano consolidado aos parámetros definidos pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, mediante resolución do 8 de febreiro de 2017 -publicada no Diario Oficial de Galicia número 51 do 14 de marzo de 2017- formulou o Informe ambiental estratéxico (expediente 2016AAE1984, código web 1883/2016), e resolveu non someter a Modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria.

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal a medio de acordo adoptado o 27 de abril de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* do día 21 de xullo e no Diario Oficial de Galicia de data 28 de xullo de 2017.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con data 26 de xaneiro de 2018 recibíuse o **informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 15 de xaneiro de 2018, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, “os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 2/01/2018 nos casos de a Ames, Oroso, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra e 3/01/2018 para O

Pino e Touro. Rematado os ditos prazos non foron recibidas nestas dependencias as respostas deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da lei 2/2016, do solo de Galicia).”

4. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo faise constar a emisión dos seguintes informes sectoriais autonómicos:

Informe da subdirector xeral de Planificación e Protección Civil de data 2/10/2017, favorable á Modificación.

Informe da Dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 14/12/2017, tamén favorable.

Informe do Instituto de Estudos do Territorio, de data 12/12/2017, relativo á protección da paisaxe, así mesmo favorable.

Non consta a emisión do informe solicitado á Dirección de Augas de Galicia, tendo xa rematado, con data 29/12/2017 o prazo legalmente establecido para a súa emisión, polo que o informe se presume favorable de acordo co disposto na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (artigo 39).

Con data 26/02/2018 tivo entrada o informe emitido pola Dirección Xeral de Telecomunicacións.

Con data 5/06/2018 recibíuse o informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL E CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

A Modificación, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal o día 19.04.2018, obtivo o informe desfavorable da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, recibido no Concello o 14 de agosto de 2018, que estimou necesario efectuar unha análise pormenorizada do incremento da superficie edificable residencial computable e da súa incidencia nos sistemas xerais, límites de intensidade e sistemas locais.

Co obxecto de cumprimentar o informe autonómico realizouse o citado estudio, que foi remitido á Consellería con data 11.07.2019, requiríndose por esa administración que se completase a documentación achegada e se remitise o correspondente proxecto reformado e aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal.

A fin de dar cumprimento ao requirido, procedeuse a incorporar ao proxecto de Modificación un apartado 6, nomeado *Análise da incidencia do incremento da edificabilidade residencial*, do que se derivan as seguintes conclusións:

A Modificación proposta supón un incremento máximo do 10,63% sobre a superficie edificable total permitida polo planeamento vixente no ámbito da modificación.

De acordo co previsto polo artigo 17.b) apartado 3, da Lei 2/2016 do solo de Galicia, ao ser o incremento inferior ao 30%, non resulta esixible incrementar a reserva de dotacións públicas prevista no plan vixente.

Ao ter os terreos afectados a condición de solo urbano consolidado, non operan os límites de edificabilidade fixados na lei.

O incremento de superficie edificable residencial que supón a autorización do uso residencial nos espazos baixo cuberta cuantifícase en 61.697 m²c.

No cadro 7 actualizado -que substitúe ao cadro 7 do PXOM vixente- cuantifícase a nova capacidade residencial que resulta da Modificación proposta e doutras aprobadas con anterioridade, o que suma un total de 9.345.576 m²c, resultando que se segue a cumprir sobradamente o estándar de sistemas xerais esixido pola vixente LSG.

Con data 26.09.2019 o Pleno municipal aprobou provisionalmente o proxecto reformado da Modificación, que foi remitido á Consellería competente en materia de Urbanismo, obténdose con data 24.01.2020 o **informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, se ben condicionado ao cumprimento das observacións sinaladas no apartado III do mesmo informe.

O informe conclúe que o incremento de capacidade residencial que resulta da Modificación non altera de forma significativa as reservas de sistemas xerais previstas polo PXOM vixente, as cales superan amplamente o estándar legal. Non entanto, considera necesario que o proxecto incorpore a xustificación do cumprimento dos estándares legais de sistemas xerais tendo en conta que, de acordo co que dispón o novo Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) non poderán computarse a este efecto nin os equipamentos privados nin aqueles outros de ámbito funcional superior ao do plan xeral (o artigo 72.1 do RLSG considera como tal os *centros e zonas de interés para a defensa e comunicacións militares, parques de bombeiros, penitenciarías, centros hospitalarios, universidades e outros análogos*).

O informe autonómico indica tamén a conveniencia de analizar a incidencia do cambio de criterio de atribución da edificabilidade nos ámbitos dos plans especiais de reforma interior en solo urbano consolidado, coa única finalidade de que se teñan en conta en futuras modificacións.

6. REFORMAS INTRODUCIDAS NO DOCUMENTO QUE SE SOMETE A APROBACIÓN DEFINITIVA

Co fin de cumprimentar as condicións do informe vinculante da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o proxecto de Modificación que se somete a aprobación definitiva incorpora as seguintes cuestións:

Incorpórase un Anexo IV, nomeado *Relación de sistemas xerais de ámbito funcional superior ao do PXOM*, coa finalidade de excluír do cómputo aqueles sistemas xerais que se consideran de ámbito funcional superior ao do termo municipal, os cales suman unha superficie total de 634.950 m². No citado Anexo conclúese que aínda descontado esta superficie do cómputo dos sistemas xerais, ademais da cualificada como equipamento universitario (que xa foi excluída no PXOM vixente) seguiríase a cumprir amplamente o estándar legal.

Rectifícase o erro padecido nas referencias ao parágrafo aplicable do artigo 125.6 da normativa do PXOM, de xeito que, onde dí “segundo parágrafo” debe dicir “terceiro parágrafo”

En consecuencia, e de conformidade co que dispoñen os artigos 61.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, 146.2 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local, que atribúen ao Pleno municipal a competencia para aprobar definitivamente os plans xerais nos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

APROBAR DEFINITIVAMENTE a *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro)*, segundo o documento reformado polos servizos municipais en febreiro de 2020.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Auséntanse da sesión as concelleiras dona María Angeles Antón Vilasánchez e dona Blanca Petra Novo Rey.

Rematado o debate, a vista do informe transcrito e do ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 20 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros presentes (22 votos a favor e 2 abstencións-ausentes na votación), e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro), segundo o documento reformado polos servizos municipais en febreiro de 2020.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA CREAR O CONSELLO DE PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA.

Reincorpóranse a sesión as concelleiras Antón Vilasánchez e Novo Rey.

Con data 17 de febreiro do corrente ano e número de rexistro 77, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á creación do Consello de Participación e Transparencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co obxectivo de garantir a participación social e a transparencia nas decisións do Concello de Santiago, faise necesario adoptar medidas encamiñadas a establecer mecanismos que contribúan á participación de todos os grupos municipais e, sobre todo, do tecido asociativo e veciñal.

Son diversos os colectivos que reclaman que se convoquen os consellos de participación cidadá, de maneira inmediata, unha medida que o BNG xa trasladou ao Pleno de novembro de 2019 porque aínda non se activaron neste mandato. Deste xeito, urxe convocar o Consello Municipal de Saúde, con temas pendentes de resolver como o local para persoas sen fogar e a análise da situación na área sanitaria; o Consello Municipal de Educación, reclamado pola FANPA para tratar temas como os comedores escolares, o contrato da Escola Municipal de Música, as actividades extraescolares e de conciliación, entre outros; o Consello Municipal do Rural, nun momento en que se debate o Pacto polo Rural e a necesidade de acabar con esa discriminación histórica; o Consello Municipal das Persoas Maiores reivindicado pola Plataforma de Pensionistas e o Consello Municipal de Cultura, entre outros.

O apropiado sería que eses consellos fosen convocados nos meses pasados para dar conta das propostas das áreas que cada concelleira e concelleiro tiña previsto incluír nos Orzamentos de 2020, co fin de que estes consellos sectoriais puidesen facer un informe preceptivo, aínda que non fose vinculante, para definir o destino dos investimentos de fondos públicos e de facer efectiva a súa participación. Como exemplo, non ten lóxica que se decidan as obras para incluír no POS da Deputación sen pasar polo Consello do Rural e sen contar para nada coas asociacións do rural.

Desde a entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os grupos políticos non forman parte das mesas de contratación, nin sen voto nin simplemente como ouvintes, o que dificulta o seguimento dos temas relevantes no Concello de Santiago.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela creará o Consello de Participación e Transparencia e adoptará as seguintes medidas para favorecer a democratización na toma de decisións e posta en marcha dos acordos plenarios:

a) Incluirá en cada Pleno ordinario un punto na orde do día para dar conta do seguimento das iniciativas aprobadas no último trimestre e das xestións realizadas para a súa execución.

b) Abrirá un espazo web para facer seguimento dos asuntos aprobados no Pleno con data de aprobación, inicio do expediente e estado da tramitación para que calquera veciña ou veciño poida saber se unha proposición e moción foi aprobada e a súa situación administrativa.

c) Emitirá por *streaming* a rolda de prensa da Xunta de Goberno, ademais das sesións plenarias ordinarias e extraordinarias, para dar a coñecer información de relevancia e os acordos aprobados.

d) Posibilitará a asistencia de representantes dos grupos municipais como persoas observadoras ás mesas de contratación.

e) Convocará os consellos de participación coa periodicidade requirida para mellorar a interlocución da Administración local co tecido asociativo e veciñal.”

No transcurso do debate presenta unha emenda “in voce” o grupo municipal popular aos apartados a) e b):

“No apartado a) cambiar a expresión “dar conta” por “informar”, que foi aceptada. E no apartado b) engadir un parágrafo.”, non sendo aceptada.

Tras ser aceptada a emenda ao apartado a), e a votación da proposta de resolución separada por puntos.

O Pleno da Corporación acorda crear o Consello de Participación e Transparencia e adoptará as seguintes medidas para favorecer a democratización na toma de decisións e posta en marcha dos acordos plenarios:

a) Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, do BNG e de CA (7 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, incluír en cada pleno ordinario un punto na orde do día para informar do seguimento das iniciativas aprobadas no último trimestre e das xestións realizadas para a súa execución.

b) Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, do BNG e de CA (7 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, abrir un espazo web para facer seguimento dos asuntos aprobados no Pleno con data de aprobación, inicio do

expediente e estado da tramitación para que calquera veciña ou veciño poida saber se unha proposición e moción foi aprobada e a súa situación administrativa.

c) Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, emitir por *streaming* a rolda de prensa da Xunta de Goberno, ademais das sesións plenarias ordinarias e extraordinarias, para dar a coñecer información de relevancia e os acordos aprobados.

d) Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, do BNG e de CA (7 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do PSdeG-PSOE, posibilitar a asistencia de representantes dos grupos municipais como persoas observadoras ás mesas de contratación.

e) Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, convocar os consellos de participación coa periodicidade requirida para mellorar a interlocución da Administración local co tecido asociativo e veciñal.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA O INCREMENTO DE EFECTIVOS NO CORPO DA POLICÍA LOCAL.

O día 17 de febreiro do corrente ano, número de rexistro 81, foi presentada a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu tratamento no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia da Policía Local é probablemente descoñecida para unha gran maioría da poboación. Ademais de facer unha notable achega no ámbito propio da seguridade cidadá, a Policía Local ten como función principal sinalar -consonte ás leis e regulamentos- as canles polas que se ha de desenvolver a vida social e garantir o cumprimento das normas de convivencia. No entanto, a súa función non se cingue só ao aseguramento do Estado de Dereito; tamén o Estado social depende do seu quefacer diario. A súa casuística de actuación é variadísima: realizar unhas primeiras dilixencias de prevención no caso dunha actuación fronte a un delito, dar aviso diario do mal funcionamento de determinados servizos municipais, asistir a unha persoa que cae nunha beirarrúa -e levantar a correspondente e imprescindible acta a fin de que poida ser indemnizada-, ordenar os tráfico rodados e peonís, etc, etc.

A estas demandas habituais propias da vida natural dunha cidade, que é ademais capital do país -co que conleva ese feito-, demandas ás que hoxe xa resulta difícil dar cobertura,

vánselle engadir as orixinadas polos grandes fluxos de persoas atraídas pola proxección internacional da Cidade no Ano Santo de 2021 e posteriores. En previsión diso o Concello debe actuar coa antelación mínima imprescindible e particularmente debe tratar que por parte de Estado se adopten as medidas precisas que garantan unha atención ás necesidades da capital de Galicia no ámbito da Policía Local.

O Corpo da Policía Local de Santiago veu decrecer de forma constante nos últimos anos o seu número de efectivos. Segundo a ratio de referencia o número ideal sería duns 175 axentes locais, aínda que -conforme aos datos feitos públicos no pasado mes polo Concello, tras a incorporación de 5 novos efectivos- Santiago unicamente tería 121, un 30% menos da ratio de referencia.

A situación aínda podería agravarse máis de producirse novas baixas pola xubilación anticipada en 5 anos que permite o RD 1449/2018, circunstancia que afectaría a uns 18 axentes máis.

Esta carencia de efectivos en unha influencia moi negativa, como se ten apuntado, nunha cidade con necesidades propias da súa condición de capital de Galicia e centro turístico de primeira orde mundial, sobre todo ante a celebración dos vindeiros anos xacobeos.

Por este motivo e coa intención de incrementar as cifras actuais destas forzas e corpos de seguridade o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao corresponde órgano do Concello a que:

1. Proceda a cumprir coa Lei e coa ratio recomendada para a Policía Local de 1,8 axentes/1.000 habitantes para atender ás veciñas e veciños.
2. Requirá ao Goberno do Estado para que, con carácter excepcional e dada a singular natureza da cidade, cre unha taxa específica adicional por ampliación de servizos, en termos similares á taxa adicional prevista no artigo 19 da actual Lei de Orzamentos do Estado para 2018, de xeito que se poidan cubrir todas as prazas ata chegar á ratio recomendada ou, no seu caso, aumentala para atender a unha cidade con necesidades extraordinarias de aseguranza das funcións de policía.”

Á anterior proposición presentou emenda de substitución o BNG, e que non foi aceptada.

Tralo debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (10 PSdeG-PSOE e 7 PP) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e BNG (5 CA e 2 BNG), acorda instar ao corresponde órgano do concello a que:

1. Proceda a cumprir coa Lei e coa ratio recomendada para a Policía Local de 1,8 axentes/1.000 habitantes para atender ás veciñas e veciños.
2. Requira ao Goberno do Estado para que, con carácter excepcional e dada a singular natureza da cidade, cre unha taxa específica adicional por ampliación de servizos, en termos similares á taxa adicional prevista no artigo 19 da actual Lei de Orzamentos do Estado para 2018, de xeito que se poidan cubrir todas as prazas ata chegar á ratio recomendada ou, no seu caso, aumentala para atender a unha cidade con necesidades extraordinarias de aseguranza das funcións de policía.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A DETERMINAR UNHA ACHEGA AO CONCELLO E ESTABLECER UNHA AXENDA PARA O XACOBEO.

Con data 17 de febreiro de 2020 e número de rexistro 82, o grupo municipal do Partido Popular presentou a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dimensión cultural de Santiago de Compostela é incuestionable, non só por ser a unha das metas de peregrinación mundial, fin do Camiño de Santiago que, cada ano percorren milleiros de peregrinos de todo o mundo, senón, e fundamentalmente, pola súa historia, polo seu patrimonio e polo seu dinamismo que permiten ter unha cidade cun acervo cultural pasado e presente de renome internacional.

Unha cidade que ten a honra de ser Cidade Patrimonio Mundial desde 1985, fin do Primeiro Itinerario Cultural Europeo, que gozou do nomeamento de Capital da Cultura Europea no ano 2000 e que renova o seu compromiso coa cultura, no máis amplo sentido, en cada celebración do Ano Santo, ofrecendo unha programación de alto nivel distribuída ao longo de todo o ano.

Unha cidade, capital de Galicia e sede das institucións, que sempre amosou o seu compromiso cunha leal e construtiva relación de cooperación interadministrativa tanto a



través da figura do Consorcio da Cidade de Santiago, como con outros instrumentos xurídicos que se establecen para actuacións concretas.

A cidade ten ante si un reto importante. A celebración no próximo ano 2021 do Ano Santo implicará que Santiago de Compostela sexa un singular foco de atracción ao que se dirixan persoas de todo o mundo.

Se o Ano Santo e o Camiño de Santiago é unha motivación internacional para acudir a Santiago de Compostela, non podemos esquecer que é unha oportunidade para amosar a potencialidade da cidade da que non son alleos os propios composteláns que deben sentirse partícipes e beneficiarios da celebración deste acontecemento.

Esta oportunidade que se presenta para Santiago é compartida con todas e cada unha das cidades, pobos, vilas e aldeas polas que discorre a ruta xacobeana en todo o territorio nacional.

Non hai mellor signo de identidade dunha España Global que o Camiño de Santiago, que xunta valores e sensibilidades que representa a diversidade do crisol de cultural que se citan arredor desta ruta milenaria.

Por iso, consideramos que o Goberno de España debe concretar un compromiso explícito e claro coa cidade no marco do Ano Santo 2021, ao igual que o está facendo con outras cidades do territorio nacional, nomeadamente Barcelona, onde o propio Presidente do Goberno comprometeu un investimento de 25 millóns de euros para afianzar a capitalidade cultural da cidade malia que non conta con ningún evento singular e único das características, dimensións e impacto do Ano Santo.

Sen prexuízo da importancia de calquera cidade do país no ámbito cultural, o Grupo Municipal Popular considera que o Goberno de España debe dar un paso adiante ante a celebración do Ano Santo de 2021 e apostar por Santiago de Compostela como gran centro cultural e turístico do 2021 ante a constatación da universalidade do Camiño de Santiago coa presenza de peregrinos chegados de máis de 180 países.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a:

1. Determinar unha achega económica ao Concello de Santiago para a celebración do Ano Santo 2021.

2. Diseñar e establecer unha Axenda Xacobeo en Santiago para, entre outras posibles actuacións:

Priorizar reunións de carácter nacional e internacional en Santiago de Compostela.

Organizar e realizar congresos, conferencias e reunións en temas relacionados cos ODS nos eidos da cultura, educación e outros.

Programar actuacións en Santiago de Compostela dos principais centros de produción e exhibición nacionais como a Compañía Nacional de Danza, Ballet Nacional de España, Orquesta y Coros nacionais de España, Joven Orquesta Nacional de España, Compañía Nacional de Teatro Clásico, etc.

Promover a realización de exposicións e outras actividades de índole cultural de interese.

3. Incardinar estas actividades na programación xeral para o Ano Santo 2021 en coordinación coas administracións públicas autonómicas e locais.”

A anterior proposición presentaron emendas de substitución os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, e que non foron aceptadas.

Despois de ser aceptada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

Por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), instar ao Goberno de España a determinar unha achega económica ao Concello de Santiago para a celebración do Ano Santo 2021.

Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do Partido Popular e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), instar ao Goberno de España a diseñar e establecer unha Axenda Xacobeo en Santiago para, entre outras posibles actuacións:

Priorizar reunións de carácter nacional e internacional en Santiago de Compostela.

Organizar e realizar congresos, conferencias e reunións en temas relacionados cos ODS nos eidos da cultura, educación e outros.

Programar actuacións en Santiago de Compostela dos principais centros de produción e exhibición nacionais como a Compañía Nacional de Danza, Ballet Nacional de España, Orquesta y Coros nacionais de España, Joven Orquesta Nacional de España, Compañía Nacional de Teatro Clásico, etc.

Promover a realización de exposicións e outras actividades de índole cultural de interese.

Por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), instar ao Goberno de España a incardinar estas actividades na programación xeral para o Ano Santo 2021 en coordinación coas administracións públicas autonómicas e locais.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA, PARA IMPULSAR UN COMPLEXO DEPORTIVO AO AIRE LIBRE NO BARRIO DE SAR.

A proposición do epígrafe presentada o día 17 de febreiro do corrente ano, co número de rexistro 84, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de impulsar un Complexo Deportivo no barrio de Sar, na zona xa reservada a ese fin na ordenación urbanística vixente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Especial de Ordenación, Protección, Mellora Medioambiental e Acondicionamento das Brañas do Sar (PE-3R), aprobado no 2011, define a ordenación deste ámbito dentro do marco xeral do PXOM vixente. Para a redacción do PE tivéronse especialmente en conta estratexias xerais de recuperación deste bordo ambiental localizado no leste da cidade, procurando primar fundamentalmente a compoñente medioambiental sobre calquera outra consideración.

Aínda así, o PE-3R tamén atende outras necesidades sociais e demandas do barrio e, nesa liña, propón un emprazamento dun Sistema Xeral de Equipamento Deportivo no ámbito que define como Zona Deportiva ZD-6. Esta localización está xa hoxe ocupada en boa parte, na súa zona central, polo campo de fútbol de terra e outras instalacións deportivas menores, coñecido popularmente como o Campo da Colexiata, por ter sido de uso da equipa de fútbol do barrio durante moitos anos.

Esta Zona Deportiva ZD-6 conta cunha superficie de 40.128 m², localizada, por unha banda entre as infraestruturas de comunicacións (viaria e ferroviaria) e o solo de protección da canle do río Sar, ao leste e ao oeste; e por outra, entre as hortas e parcelas do rueiro dos Muños ao norte, e as do caserío da Rúa de Sar ao sur. As futuras instalacións adaptaránse topograficamente e integraránse paisaxisticamente, despois de desmontarse a plataforma actual. O uso deportivo destas novas instalacións irán destinados á práctica do deporte ao aire libre contando cos equipamentos necesarios para o seu desenvolvemento, tal e como aparece recollido nas determinacións de PE-3R.

No anterior mandato, o Goberno municipal, encargou a redacción dun anteproxecto de acondicionamento do Sistema Xeral ZD-6 Zona Deportiva das Brañas do Sar, para que este novo equipamento deportivo sexa unha realidade no barrio de Sar.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Que o correspondente órgano de goberno impulse a dotación dunha zona deportiva no barrio de Sar na contorna das Brañas de Sar, desenvolvendo a ZD-6 indicada no PE-3R.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que o correspondente órgano de goberno impulse a dotación dunha zona deportiva no barrio de Sar na contorna das Brañas de Sar, desenvolvendo a ZD-6 indicada no PE-3R.

7. DAR CONTA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO 2019.

En base ao informe do interventor xeral municipal de data 18 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación queda coñecedor da execución orzamentaria correspondente ao cuarto trimestre do ano 2019.

8. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2019.

Dáse conta dos expedientes de modificacións orzamentarias correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2019.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 6 DE FEBREIRO DE 2020, DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta da resolución da alcaldía de data 6 de febreiro do corrente ano, de delegación na primeira tenente de alcalde, das atribucións da alcaldía durante o período comprendido entre as 17:00 horas do día 6 de febreiro e as 17:00 horas do día 7 de febreiro.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 2 ao 10 de xaneiro de 2020 (núms. 1-950).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 84 correspondente á sesión ordinaria do día 30/12/19.
- Acta núm. 1 correspondente á sesión ordinaria do día 7/01/20.
- Acta núm. 2 correspondente á sesión ordinaria do día 13/01/20.
- Acta núm. 3 correspondente á sesión ordinaria do día 20/01/20.
- Acta núm. 4 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 22/01/20.
- Acta núm. 5 correspondente á sesión ordinaria do día 27/01/20.
- Acta núm. 6 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 29/01/20.
- Acta núm. 7 correspondente á sesión ordinaria do día 3/02/20.
- Acta núm. 8 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 6/02/20.

11. COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE, MEDIO AMBIENTE E PARQUES E XARDÍNS.

Comparece a concelleira Dona M^a Milagros Castro Sánchez.

12. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, de data 13 de febreiro de 2020, núm. 76.
- Do grupo municipal do BNG, de data 17 de febreiro de 2020, núm. 78.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 90.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 91.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 95.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 96.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 97.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 106.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 87.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 88.
- Do grupo municipal do BNG, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 89.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 93.
- Do grupo municipal de CA, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 94.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 98.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 99.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 100.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 31 de xaneiro de 2020, núm. 72.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 10 de febreiro de 2020, núm. 74.
Do grupo municipal do BNG, de data 12 de febreiro de 2020, núm. 75.

Interpelación:

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 18 de febreiro de 2020, núm. 101.

13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 79, presentada polo grupo municipal do BNG, para a reurbanización do barrio da Avda. de Coímbra, Avda. de Salamanca, rúas de Oviedo e de Ulteira.
2. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 80, presentada polo grupo municipal do BNG, para a creación dun cemiterio de animais domésticos.
3. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2020, núm. 83, presentada polo grupo municipal de CA, para o rexeitamento á creación dunha universidade privada en Galicia.
4. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 85, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar as reivindicacións do movemento feminista galego neste 8 de marzo relativas a incrementar o valor social e económico do traballo no fogar e dos coidados.
5. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 86, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar o patrimonio cultural e natural de Lavacolla, como demanda a Asociación Veciñal Ruta Xacobeá.
6. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 92, presentada polo grupo municipal de CA, para planificar estratexicamente as artes de rúa durante a celebración do Xacobeo 2021.
7. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 103, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio á declaración como BIC da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento.
8. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 104, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con motivo do 8 de marzo.
9. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 105, presentada polo grupo municipal de CA, para apoiar as demandas e reivindicacións do colectivo de traballadoras “Kellys”.
10. Rexistro de entrada do día 18 de febreiro de 2020, núm. 107, presentada polo grupo municipal de CA, con motivo do día 8 de marzo, día internacional da muller.

Os textos das mocións que figuran na relación son que se transcriben a continuación:

MOCIÓN PARA A REURBANIZACIÓN DO BARRIO DA AVENIDA DE COÍMBRA, AVENIDA DE SALAMANCA, RÚAS DE OVIEDO E DE ULTREIA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a reurbanización do barrio da avenida de Salamanca, avenida de Coimbra, rúa Oviedo e rúa Ultreia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Residentes no barrio da avenida de Salamanca están nun proceso de recollida de sinaturas entre a veciñanza para reclamar a remodelación e humanización da zona. Xa o BNG trasladou unha iniciativa neste sentido en xullo de 2018 ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Desde a asociación veciñal das Marías demandan, desde hai anos, que se adopten medidas de accesibilidade, pois ás rúas como a de Ultreia e a de Oviedo só se pode ir mediante escaleiras, moitos edificios da zona carecen de ascensor, son frecuentes as avarías da iluminación pública no inverno e as fugas de auga nalgunhas beirarrúas, que teñen boa parte do enlousado fracturado ou mal encaixado e unha anchura insuficiente, nalgúns tramos, o que provoca problemas de seguranza viaria para peóns.

Deste xeito, é necesaria unha reurbanización desta zona que adoece de falta de mantemento para mellorar a accesibilidade, o pavimento da rede viaria, as beirarrúas, os bancos, a iluminación, os pequenos espazos verdes e o parque infantil, co fin de conseguir que os espazos públicos deste barrio onde viven centos de persoas poidan recuperar o seu uso e servir como lugares de encontro.

Para iso é necesaria unha intervención de reforma integral, da que nalgúns aspectos xa había estudos previos, acorde ao tránsito da zona, pois cómpre lembrar que as dúas últimas obras de asfaltado da avenida de Coímbra devolveron, en poucos meses, as fochancas e os ocos sen pintura nos pasos de peóns.

Faise necesaria tamén unha reordenación de tráfico, sobre todo no horario de entrada e saída de colexios, cando se consente que os coches aparquen en calquera lugar: en dobre fila, sobre as beirarrúas ou mesmo na zona reservada para o estacionamento dos autobuses; dificultando o tránsito das persoas que van a pé e dos autobuses, que moitas veces só poden deterse en dobre fila para poder baixar ou subiren os nenos e nenas que van aos centros de ensino, co risco de seguranza viaria que supón.



Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local realizará unha actuación de reforma integral, comezando xa neste 2020, para a reurbanización da zona da avenida de Salamanca, da avenida de Coímbra, da rúa Oviedo e da rúa Ulteira co fin de gañar accesibilidade, pavimentar a rede viaria, ordenar o tráfico e, en definitiva, recuperar os espazos públicos para a veciñanza.

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN CEMITERIO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada á creación dun cemiterio público de animais domésticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Santiago de Compostela hai numerosos fogares que teñen animais domésticos, de feito o Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía ten 14.923 cans e cadelas inscritos nesta localidade, aos que hai que sumarlle gatos, paxaros e peixes, entre outros, que non é preceptivo que leven *microchip*.

As persoas e animais domésticos adoptan durante a convivencia unhas relacións de afecto que moitas veces, cando falecen as mascotas, levan a procurar un tratamento adecuado para depositar os seus cadáveres que fai preciso buscar solucións individuais para posibilitar o enterramento das súas cinzas ou do seu corpo. Xa durante a Grecia clásica e na antiga Roma, entre outras civilizacións do pasado, existían cemiterios de animais domésticos dos que se conservan lápidas que na actualidade son elementos arqueolóxicos.

Os animais domésticos e, por tanto os seus cadáveres, así como a recollida e tratamento dos seus corpos cando morren, entran no ámbito de competencias dos concellos recollido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e no artigo 80.2 d Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galiza, ao atribuírlle a protección da salubridade pública. Así mesmo, a Lei 1/1993, do 13 de abril, de Protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, atribúelle aos concellos a prestación do servizo de recollida de animais abandonados.



O Concello de Santiago dispón do Refuxio de Animais de Bando, un espazo especializado na sensibilización para a prevención do abandono, fomento da adopción e boas prácticas, ao que se pode unir a posta en marcha deste servizo de recollida, incineración e enterramento das mascotas, coa dotación económica precisa, cunha regulación de funcionamento e con tarifas para a súa utilización que fagan viábel esta instalación funeraria.

Deste xeito, facilítase o tratamento e o apoio ás persoas que perden as súas mascotas, que poden dispor dunha urna personalizada coas cinzas do seu animal e cunha sepultura para visitar e manter o seu recordo, o que serve para contribuír a manter o vínculo entre mascotas e persoas propietarias que o desexaren.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello impulsará, en colaboración co Refuxio de Animais, o seu Padroado e asociacións de defensa dos dereitos dos animais, a creación dun cemiterio público de mascotas comarcal en Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA CREACIÓN DUNHA UNIVERSIDADE PRIVADA EN GALICIA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Galicia ten iniciada a tramitación para a creación dunha universidade privada en Galicia, a “Universidad Intercontinental de la Empresa”, promovida polo banco venezolano Banesco Internacional a través de AFUNDACION. Esta entidade, que tería a súa sede en Santiago e campus na Coruña e en Vigo, sería a culminación dun proceso progresivo de privatización do sistema público de ensino superior galego, nun contexto de continua privatización do ensino en todas as etapas educativas.

A educación é un ben universal de repercusión social, un dereito que é un pilar imprescindible para construír unha sociedade democrática, máis xusta e igualitaria. A mercantilización da educación é unha manifestación contra a igualdade de oportunidades. Aceptar unha universidade privada é aceptar a venda de títulos universitarios atendendo á capacidade económica e non aos méritos do alumnado. Apostar polo privado no

ensino superior choca directamente cos intereses da sociedade galega, que precisa unha universidade pública de calidade, que sexa garantía do seu progreso e que estea suficientemente respaldada pola administración da que depende.

O pasado 11 de febreiro, os reitores das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo asinaron un comunicado conxunto, no que se incidía en que no Sistema Universitario Galego:

“non se detecta falta de titulacións nin de prazas e, se se detectan, somos quen de responder ás novas competencias profesionais emerxentes con novas titulacións ou adecuando o número de prazas ofertadas nas xa existentes. Nesta situación, cremos que non existe a necesidade de novas universidades en Galicia. Por iso, fronte á iniciativa privada, pensamos que os esforzos dos cidadáns, a través dos seus impostos, deben ir encamiñados a fortalecer o actual sistema universitario público”. Ademais, os reitores sinalaban que “non nos asusta competir coa iniciativa privada no eido da docencia, da investigación ou da transferencia, porque somos moi conscientes da nosa capacidade. O que si nos preocupa é que esa competencia sexa desigual, non se traballe coas mesmas condicións nin se establezan resultados comparables, xa que nesta situación se vería afectada a condición indispensable da igualdade de oportunidades”.

Así pois, o goberno galego non pode deixar de protexer o noso sistema público de educación, permitindo unha universidade privada que non garante os niveis de calidade na formación e capacitación do profesorado, cuestións permanentemente revisadas no Sistema Universitario Galego. En lugar diso, a Xunta debería asegurar un financiamento digno para as universidades galegas, aspirando a taxas de investimento acordes con países desenvolvidos

O anteproxecto de Lei para a creación da universidade privada refírese a esta como unha entidade “de interese galego e sen ánimo de lucro”. Pero a realidade é que a “Universidad Intercontinental de la Empresa” está promovida polo banco venezolano Banesco Internacional, o mesmo ao que lle foron entregadas as Caixas de Aforro de Galicia, e a ela só poderá acceder un grupo de alumnado nunha determinada situación económica ou que recorran a un grande endebedamento. Ademais, o idioma galego non está presente no proxecto desa universidade privada, a pesar de que o *Artigo 2 da Lei 6/2013, de 13 de Xuño, do Sistema universitario de Galicia establece* no apartado 1.f *“A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, no seu caso, con outra linguas de interese para a docencia e a investigación”.*

Unha universidade privada sería, pois, nefasta para os intereses públicos, para o Sistema Universitario Galego e, en concreto, para a Universidade de Santiago de Compostela. Tendo en conta, ademais, que a USC é unha institución fundamental para o



desenvolvemento de Compostela como capital de Galicia e supón un importante impacto económico e cultural na nosa cidade, o proxecto impulsado por AFundación tería consecuencias moi negativas no conxunto de Santiago.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta somete á consideración do Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a paralizar e desbotar o proxecto de Lei para o recoñecemento das Universidades privadas no noso país.
2. Mostrar o apoio do Concello de Santiago á 'Plataforma Galega en Defensa da Universidade Pública' e as súas reivindicacións.

MOCIÓN PARA APOIAR AS REIVINDICACIÓNS DO MOVEMENTO FEMINISTA GALEGO NESTE 8 DE MARZO RELATIVAS A INCREMENTAR O VALOR SOCIAL E ECONÓMICO DO TRABALLO DO FOGAR E DOS COIDADOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a apoiar as reivindicacións do movemento feminista galego neste 8 de marzo relativas a incrementar o valor social e económico do traballo do fogar e dos coidados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente. Baixo o lema “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo. En concreto, en Santiago de Compostela será unha xornada de mobilización, con ruadas, carpas con actividades artísticas e cunha manifestación en horario de tarde.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político en que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social

e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron a deterioración dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Nestes últimos anos, o Goberno da Xunta recortou as axudas ás mulleres vítimas da violencia machista, servizos de información sobre dereitos para as mulleres e incumpriu as leis de igualdade que se puxeran en marcha na etapa anterior. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, derivan no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar. No ano 2019 en Santiago de Compostela, 321 persoas foron beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar; das cales, 231 (71,96 %) son mulleres e os 90 restantes (28,04 %) son homes.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de mulleres migrantes.

Ademais é un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un grande impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no

noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través do traballo en precario de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.

2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia. Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno español, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras neste ámbito.

MOCIÓN PARA RECUPERAR O PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DA LAVACOLLA, COMO DEMANDA A ASOCIACIÓN VECIÑAL RUTA XACOBEA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para recuperar o patrimonio cultural e natural da Lavacolla, como demanda a asociación veciñal Ruta Xacobeas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal Ruta Xacobeas demanda poñer en valor diversos recursos naturais e patrimoniais da Lavacolla, ademais de reclamar o abastecemento e saneamento dos núcleos urbanos de Mourentán, A Sionlla e San Paio, na parroquia de Sabugueira.

Trátase de acondicionar as dúas áreas de descanso de peregrinos/as de Vilamaior que, na actualidade, están cheas de maleza e pertencen ao Banco de Terras, de arredor de 200 m² de superficie cada unha delas.

Outra das necesidades consiste na recuperación das fontes e no acondicionamento do regato da Sionlla, ademais da colocación dun panel informativo no lugar das Pontes para dar a coñecer que este era o emprazamento onde se lavaban os/as peregrinos/as ao chegaren a Compostela, segundo describe o *Códice Calixtino*. Esta actuación debe complementarse coa sinalización de diversos recursos de interese cultural e histórico da contorna como o castro de Mendes e as fábricas de curtidos.

É necesario tamén realizar xestións para seguir a reclamar a recuperación das instalacións do aeroclub para actividades deportivas e da vella terminal do aeroporto para formación aeronáutica, hangares e talleres de reparación.

No ámbito urbanístico, de servizos e de infraestruturas, cómpre ampliar a rede de saneamento e de abastecemento, a comezar polas zonas catalogadas como solo urbano que aínda carecen destes servizos básicos pois isto está a provocar que non concedan licenzas de obras nestes núcleos, segundo explicaron representantes veciñais durante unha xuntanza co grupo municipal do BNG. Para esta asociación, son prioritarios os lugares de Mourentán, A Sionlla e San Paio de Sabugueira para dotalos de saneamento e de abastecemento de auga.

Requiren tamén a construción de beirarrúas para incrementar a seguranza e o asfaltado da rede viaria, tanto da N-634 do aeroporto a San Marcos, como as de titularidade municipal que teñen alta densidade de tráfico e, con posterioridade, realizar un plan de mantemento continuado.



Limpeza de cunetas, roza de vexetación e mellora da iluminación pública son outras das demandas desta zona para mellorar a calidade de vida da veciñanza de Sabugueira.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela recuperará o patrimonio cultural e natural da Lavacolla, como demanda a asociación veciñal Ruta Xacobeá, e realizará as xestións necesarias para a dotación de servizos básicos e mellora de infraestruturas na parroquia de Sabugueira que se describen na exposición de motivos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PLANIFICAR ESTRATEXICAMENTE AS ARTES DE RÚA DURANTE A CELEBRACIÓN DO XACOBEO 2021

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O amplo desenvolvemento das artes de rúa é un factor de riqueza cultural, inclusión social e interculturalidade que funda a participación democrática no espazo público da cidade de Santiago. Existe un amplo e diverso colectivo de artistas de rúa que desenvolven o seu traballo creativo no espazo público vencellados a distintas especialidades:

Artes plásticas (pintura, debuxo, fotografía, obra gráfica)

Artes escénicas (circo, mimo, estatuas vivas)

Artes musicais (instrumental, canto)

Artes aplicadas (artesanía)

As e os artistas de rúa desenvolven unha achega distintiva, de calidade, e dunha forma continuada, á programación cultural de Compostela. Forman parte e son identitarios da nosa cultura municipal, ademais de constituír un exemplo de auto-organización e interlocución coa institución municipal. Nas artes de rúa tamén somos capital cultural e precisamos pensar con antelación sobre a súa relación coa celebración do próximo Xacobeo e telas en conta para integralas de forma correcta na planificación dunha

movilidade sostible e da xestión de fluxos vencellados á experiencia turística que polo evento faise sentir e nos preocupa a todas e todos.

No anterior mandato artelláronse convenios con colectivos artísticos coma o colectivo dos artistas de circo, CircoNove, co que se desenvolveu unha programación expandida nas prazas da nosa cidade histórica. O traballo de mediación transversal entre as áreas de Medio Ambiente e Convivencia e de Acción Cultural desactivou numerosos conflitos herdados no espazo público e posibilitou a mellora e expansión das actividades e a resolución áxil das discrepancias, maiormente relacionadas con intereses sobre as localizacións, os horarios e as quendas compartidas polos artistas.

Nas portas do Xacobeo 2021 e adiantándonos á situación de stress de fluxos e saturación na zona histórica, consideramos que é preciso visibilizar o traballo do colectivo, planificar e atender ás artes de rúa dunha forma específica e traballar por unha actualización normativa.

É polo anterior que traemos a debate plenario este acordo pola democratización da cultura no espazo público de Santiago de Compostela. En por iso, achegamos o seguinte texto de

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha liña de planificación, fomento e posta en valor das artes de rúa en todo o territorio galego.
2. Instar ao órgano de goberno competente do Concello de Santiago a elaborar un informe que posibilite a planificación estratéxica das actividades artísticas de rúa para preparar e despreparar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Xacobeo 2021 co obxectivo de modificar a regulamentación vixente e adaptala á situación de forma consensuada co colectivo de artistas de rúa.

MOCIÓN PARA O APOIO Á DECLARACIÓN COMO BIC DA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA AO SANTÍSIMO SACRAMENTO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis de tres séculos e medio, cada ano no domingo despois do Corpus Christi celébrase na cidade de Lugo un acto de carácter institucional e relixioso no que



participan os principais representantes das sete antigas capitais do Reino de Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, Mondoñedo, Betanzos e Tui. No transcurso dese acto faise unha ofrenda ao Santísimo, seguida dunha procesión pola cidade, coa que se conmemora o voto solemne realizado pro primeira vez en 1669, para dotar cunha renda anual á Catedral de Lugo, destinada a iluminar permanentemente con velas o seu altar maior, e paliar así as dificultades económicas que daquela padecía o templo lugués.

Co paso do tempo, a celebración foise mantendo con lixeiras variantes, aínda que desde hai case un século, a Ofrenda segue un mesmo desenvolvemento, no que se inclúe unha recepción na Casa do Concello aos representantes municipais e unha misa solemne coa intervención rotatoria anual dos alcaldes das sete cidades, no transcurso da que se interpreta a Marcha Solemne do Antigo Reino de Galicia.

A secular tradición é un dos escasos testemuños que lembran a consideración histórica de Galicia como reino e está ligada á Catedral de Lugo, ben de interese cultural unido ao recoñecemento dos Camiños de Santiago do Norte de España como Patrimonio da Humanidade desde 2015, e que ten o privilexio papal, desde hai polo menos seis séculos, da exhibición permanente do Santísimo Sacramento, motivo polo que o cáliz e a hostia figuran no escudo da cidade e tamén no de Galicia.

Recentemente, a instancias do bispado de Lugo, a Xunta de Galicia anunciou a súa intención de iniciar os trámites para promover a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) de natureza inmaterial da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento.

Tendo en conta a especial vinculación que mantén o noso Concello con esta tradición centenaria da cidade lucense, que evolucionou do ámbito estritamente relixioso ao político e social, así como a súa contribución ao fortalecemento da identidade de Galicia como unidade territorial, na que Santiago actúa como capital democraticamente designada, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

1. Declarar o apoio do Concello de Santiago ao impulso por parte da Xunta de Galicia da declaración da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, que anualmente se celebra na Catedral de Lugo, como Ben de Interese Cultural (BIC) de Galicia.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

MOCIÓN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.

A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.

A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.

Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:

POLÍTICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO: Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.

USO DE TECNOLOXÍA E ACCESO A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN: Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.

Algúns dos datos a nivel estatal axudan a comprender a situación de desigualdade e apuntan a necesidade dunha actuación decidida por parte dos poderes públicos:

- O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres;
- A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941 €;
- En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres;
- As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia;
- Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a:

Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

Promover un Plan contra a fenda salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.

Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe destas materias.

Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, o acceso ás novas tecnoloxías e o uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).

Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e, especialmente, daquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao Goberno Municipal a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores, para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo na ciencia e na tecnoloxía.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA APOIAR AS DEMANDAS E REIVINDICACIÓNS DO COLECTIVO DE TRABALLADORAS ‘KELLYS’

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos son varios os conflitos laborais que lle afectan a traballadoras do servizo de limpeza de diferentes establecementos hoteleiros da nosa cidade, un colectivo coñecido popularmente co nome de ‘Kellys’. A problemática destas traballadoras está, con frecuencia, invisibilizada e silenciada aínda cando se vulneran, constantemente, os seus dereitos laborais máis básicos.

As ‘Kellys’ son vítimas de condicións salariais, laborais e sociais moi inferiores ao establecido nos convenios colectivos, no que se pode considerar unha fórmula de “explotación moderna” das traballadoras. Sofren unha clara sobrecarga de horas de traballo, moitas veces máis de 12 diarias aínda que nos contratos figuren a metade; están vinculadas a servizos externalizados, o que lles pode implicar cobrar ata un 40% menos; padecen moitas doenzas laborais que non teñen recoñecidas; sofren risco de acoso, mesmo sexual... E todo nun emprego mal pagado, no que o salario se establece a través de cantidades cobradas por cuarto limpo. Cantidades que poden ser de entre 2 e 5 euros, de xeito que estas mulleres terían que limpar ata 400 dormitorios ao mes para poderen ingresar pouco máis de 800 euros.

É por todo isto que nos últimos anos as ‘Kellys’ estánse a organizar, tanto autonomamente como contando cos sindicatos de clase, para visibilizar e loitar polas súas demandas. Reivindicacións tan básicas como rematar coa externalización e subcontratas, que se respecten os convenios colectivos do sector, que se permita a conciliación laboral, que se recoñeza o seu dereito á xubilación anticipada ou que se recoñezan as súas duras condicións de traballo.

O modelo de explotación turística que se promociona e se intenta vender á opinión pública desde as propias administracións públicas é responsable, en boa medida, da situación das “Kellys”, e, xa que logo, esas administracións públicas son tamén

culpables da súa situación laboral. Un modelo de explotación que coloca o foco nos números de turistas e visitantes e nos resultados económicos e de facturación, mais que non atende aos posibles custes sociais e laborais nin ás súas consecuencias.

Ás portas dun novo Xacobeo, non podemos seguir mirando para outro lado e compe dar un apoio explícito ao colectivo das “Kellys”, e instar a todas as administracións públicas a que se cumpra a normativa laboral vixente para protexer á parte máis feble que son as propias traballadoras. Esixindo ás empresas que os salarios e condicións laborais sexan, como mínimo, as recollidas no convenio colectivo da hostalería. Como Concello, sendo a administración pública máis próxima á cidadanía, debemos e podemos ser o motor para mellorar as súas condicións, recoñecendo ás empresas non só na calidade do servizo que ofrecen senón tamén nas súas practicas laborais e sociais.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta somete á consideración do Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

1. Mostrar a solidariedade do Concello de Santiago con todas as traballadoras ou ‘Kellys’ que sofren discriminación e incumprimento dos seus dereitos laborais, así como dar un apoio manifesto ás súas reivindicacións para a mellora da súa situación.
2. Instar ao órgano competente do Concello de Santiago a estudar a posibilidade de crear un distintivo ou selo de calidade das condicións laborais e sociais das empresas de hostalería de Santiago de Compostela, que recoñeza o cumprimento dos convenios colectivos e normativa laboral nos Hoteis, Hostais, Albergues, Apartamentos e Pensións de Santiago de Compostela; co obxectivo de promover Compostela como un destino turístico que sexa social e laboralmente sustentable.
3. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver un plano de seguridade laboral con accións específicas e a non subvencionar ou outorgar axudas a establecementos turísticos que teñan expedientes abertos relativos ao incumprimento das condicións laborais das empregadas; e a abrir unha liña de axudas para aquelas empresas que non externalicen servizos e realicen contratacións directas.
4. Instar ao Goberno do Estado a modificar as condicións de xubilación anticipada atendendo a peticións do colectivo das ‘Kellys’, estudando a rebaixa da idade establecida ata os 58 ou 60 anos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 8 de marzo celebramos o ‘Día Internacional das Mulleres’ como data na que visibilizamos as reivindicacións dos movementos feministas e das mulleres. Institucionalizado desde 1975, o 8M é hoxe unha celebración de carácter global, que nos últimos anos ten adquirido unha dimensión específica na nosa cidade celebrando, durante todo o mes de marzo, Compostela como un ‘Territorio das Mulleres’. Deste xeito, o Concello de Santiago ten desenvolvido unha actuación pública intensa en defensa dos dereitos e dignidade das mulleres e a prol do fomento da igualdade de xénero.

Neste día celebramos a loita feminista e as súas reivindicacións de dereitos e do recoñecemento da participación das mulleres na construción da sociedade. Un movemento que procura combater as desigualdades estruturais, directamente ligadas á construción social duns roles de xénero, con diferente valor social asignado e xerarquizados. Unhas desigualdades que se perpetúan a través da violencia contra as mulleres e que constitúen un dos problemas públicos máis graves que debe afrontar a nosa sociedade actual. O feminismo é a teoría política e o movemento social desde o cal debemos pensar e artellar colectivamente as políticas públicas necesarias para avanzar cara outro tipo de sociedade, na que a igualdade efectiva sexa posible.

As fendas de xénero persisten en moitos ámbitos da sociedade, a desigualdade e a violencia están presentes en todas as esferas da nosa sociedade. A igualdade de xénero implica igual visibilidade, empoderamento, responsabilidade e participación. Especialmente grave, é esta situación no ámbito laboral e de promoción profesional, onde as mulleres sofren unha desigualdade provocada en boa medida porque son as que asumen a maior parte do traballo de coidados.

Os coidados, a conciliación coa vida persoal e a corresponsabilidade familiar son un dos grandes retos para as próximas décadas. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar ou a conciliación e a xestión de traballos e dos tempos son problemas que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e deben ser facilitado e impulsado polas distintas administracións públicas.

É importante dende as institucións públicas facer fronte á discriminación e poñer todos os medios necesarios ao alcance para lograr unha igualdade plena. É importante ter uns servizos públicos de calidade que nos atendan e que nos coiden, ben sexa na sanidade pública, na garantía dos dereitos no parto, ben sexa no fomento da conciliación e unha



vida familiar digna. É preciso un modelo económico e de organización social que poña no centro as persoas, o sustento da vida. Un novo modelo que recoñeza o valor social dos coidados, que promova a corresponsabilidade dos homes neste labor e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta somete á consideración do Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

1. O Concello de Santiago apoia as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2020, nomeadamente aquelas que procuran garantir o dereito a un parto sen violencia obstétrica, o dereito a un coidado pediátrico de urxencias, o dereito a unha sanidade pública e de calidade e o dereito a vivir no rural con dignidade.
2. En cumprimento da proposición aprobada polo Pleno da corporación, en decembro do 2019, o Concello de Santiago comprométese a reforzar o impulso das políticas transversais de igualdade de xénero, renovando o seu compromiso para facer de Compostela un Territorio das Mulleres e realizando unha programación específica municipal para celebrar o 8M, Día Internacional das Mulleres.
3. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

Textos de mocións conxuntas que veñen a substituír ás que figuran na orde do día:

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, CA e BNG CON MOTIVO DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

En substitución das mocións presentadas polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (nº85) e Compostela Aberta (nº 107), os grupos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG presentan a seguinte moción conxunta para o seu debate no Pleno da Corporación:

Exposición de motivos:

Este 2020, Nacións Unidas elixiu como lema ‘Son da Xeración Igualdade: Polos dereitos das mulleres’, no marco da celebración dos 25 anos de Conferencia de Beijing, que marcou un importante punto de inflexión para a axenda mundial da igualdade entre

mulleres e homes e deseñou a folla de ruta máis progresista para o empoderamento das mulleres e as nenas en todo o mundo.

Este 8M de 2020 será de novo unha aldrabada sobre as consciencias cívicas e políticas. A ameaza da ultradereita cuestionando os dereitos das mulleres terá unha resposta contundente nas institucións. Porque aínda persisten as discriminacións, a pesar das conquistas. E porque hai quen cuestiona o feminismo tentando devolvernos ao pasado, pero non hai punto de retorno, o feminismo é imparabile e demostrou que ten unha forza poderosa e transversal. As mulleres conquistaron espazos e dereitos sobre os que non hai opción de repregamento. Non imos dar nin un paso atrás. Nin un.

Este 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente. Baixo o lema “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do día 8. En concreto, en Santiago de Compostela haberá unha xornada de mobilización, con ruadas, carpas con actividades artísticas e cunha manifestación en horario de tarde.

O feminismo galego autoorganizado sitúa así no centro do debate as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político en que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización.

As fendas de xénero persisten en moitos ámbitos da sociedade; a desigualdade e a violencia están presentes en todas as esferas da nosa sociedade. A igualdade de xénero implica igual visibilidade, empoderamento, responsabilidade e participación. Especialmente grave é esta situación no ámbito laboral e de promoción profesional, onde as mulleres sofren unha desigualdade provocada en boa medida porque son as que asumen a maior parte do traballo de coidados.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico, tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal.

É importante dende as institucións públicas facer fronte á discriminación e poñer todos os medios necesarios ao alcance para lograr unha igualdade plena. É importante ter uns servizos públicos de calidade que nos atendan e que nos coiden, ben sexa na sanidade pública, na garantía dos dereitos no parto, ben sexa no fomento da conciliación e unha vida familiar digna. É preciso un modelo económico e de organización social que poña no centro as persoas, o sustento da vida. Un novo modelo que recoñeza o valor social

dos coidados, que promova a corresponsabilidade dos homes neste labor e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

No Concello de Santiago manifestamos o noso compromiso coa erradicación da violencia de xénero, o fin da precariedade laboral e a brecha salarial, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e a abolición da prostitución e de trátala de seres humanos con fins de explotación sexual. Queremos unha sociedade paritaria e participativa na que as mulleres ocupen o lugar que lles corresponde por dereito, unha sociedade que trate ás mulleres como persoas libres e adultas capaces de tomar as súas propias decisións.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social ese traballo invisible como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

1. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2020, nomeadamente aquelas que teñen que ver cos coidados, o dereito a unha sanidade pública e de calidade e o dereito a vivir no rural con dignidade.

2. Demandar da Xunta de Galicia:

a. Incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra as violencias de xénero, que deben situarse en torno ao 1% dos Orzamentos da Xunta.

b. O seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

b.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.

b.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

b.3. Comprometerse a iniciar a elaboración do Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio existente así como as vantaxes dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

c. A asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia.

3. Instar ao Goberno do Estado a incrementar a dotación orzamentaria ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de xeito acorde ao acrecentamento das competencias por parte das administracións locais para poder asumir e exercer esas funcións cos recursos económicos precisos.

4. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia de perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG PARA PLANIFICAR ESTRATEXICAMENTE AS ARTES DE RÚA DURANTE A CELEBRACIÓN DO ANO SANTO 2021

En substitución a moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta (nº 92)

O amplo desenvolvemento das artes de rúa é un factor de riqueza cultural, inclusión social e interculturalidade que funda a participación democrática no espazo público da cidade de Santiago. Existe un amplo e diverso colectivo de artistas de rúa que desenvolven o seu traballo creativo no espazo público vencellados a distintas especialidades:

- Artes plásticas (pintura, debuxo, fotografía, obra gráfica)
- Artes escénicas (circo, mimo, estatuas vivas)
- Artes musicais (instrumental, canto)
- Artes aplicadas (artesanía)

As e os artistas de rúa desenvolven unha achega distintiva, de calidade, e dunha forma continuada, á programación cultural de Compostela. Forman parte e son identitarios da nosa cultura municipal, ademais de constituír un exemplo de auto-organización e interlocución coa institución municipal. Nas artes de rúa tamén somos capital cultural e

precisamos pensar con antelación sobre a súa relación coa celebración do próximo Ano Santo 2021 e temos en conta para integralas de forma correcta na planificación dunha mobilidade sostible e da xestión de fluxos vencellados á experiencia turística que polo evento faise sentir e nos preocupa a todas e todos.

O concello ten aprobado numerosos convenios con colectivos artísticos coma o colectivo dos artistas de circo, CircoNove, co que se desenvolveu unha programación expandida nas prazas da nosa cidade histórica. O traballo de mediación transversal entre as diferentes áreas do Concello que posibilitou a mellora e expansión das actividades e a resolución áxil das discrepancias, maiormente relacionadas con intereses sobre as localizacións, os horarios e as quendas compartidas polos artistas.

Nas portas do Ano Santo 2021 e adiantándonos á situación de stress de fluxos e saturación na zona histórica, consideramos que é preciso visibilizar o traballo do colectivo, planificar e atender ás artes de rúa dunha forma específica e traballar por unha actualización normativa.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación aproba o seguinte **ACORDO**:

Organizar coas distintas áreas competentes do goberno do Concello de Santiago a planificación estratéxica das actividades culturais de rúa para preparar e despregar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Ano Santo 2021, todo elo de forma coordinada co colectivo de artistas de rúa.

Ás mocións presentaron emendas os grupos políticos municipais e as que foron aceptadas xa aparecen recollidas nos acordos adoptados.

En primeiro lugar, débátese conxuntamente as mocións relativas ao 8 de marzo: a conxunta dos grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG, que substitúe ás presentadas polo BNG e CA (núms. de rexistro 85 e 107, respectivamente); e a do Partido Popular.

As mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e CA cos números de rexistro 85 e 107, foron substituídas por unha moción conxunta dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, con motivo do 8 de marzo, e o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2020, nomeadamente aquelas que teñen que ver cos

coidados, o dereito a unha sanidade pública e de calidade e o dereito a vivir no rural con dignidade.

2. Demandar da Xunta de Galicia:

a. Incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra as violencias de xénero, que deben situarse en torno ao 1% dos Orzamentos da Xunta.

b. O seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

b1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.

b.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

b.3. Comprometerse a iniciar a elaboración do Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio existente así como as vantaxes dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

c. A asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia.

3. Instar ao Goberno do Estado a incrementar a dotación orzamentaria ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de xeito acorde ao acrecentamento das competencias por parte das administracións locais para poder asumir e exercer esas funcións cos recursos económicos precisos.

4. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia de perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

En relación á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con número de rexistro 104, con motivo do 8 de marzo, a que presentou emenda o BNG que non foi aceptada polo PP, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (7 PP e 10 PSdeG-PSOE), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a:

Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

Promover un Plan contra a fenda salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.

Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe destas materias.

Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, o acceso ás novas tecnoloxías e o uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).

Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e, especialmente, daquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao goberno Municipal a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores,

para que rapazas e rapaces teñan referentes femeninos, como por exemplo na ciencia e na tecnoloxía.

A continuación ten lugar o debate e posterior votación dunha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA, co número de rexistro 92, para planificar estratéxicamente as artes da rúa no Xacobeo 2021, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, organizar coas distintas áreas competentes do goberno do Concello de Santiago a planificación estratéxica das actividades culturais de rúa para preparar e despregar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Ano Santo 2021, todo elo de forma coordinada co colectivo de artistas de rúa.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG, co núm. 79, para a reurbanización do barrio da Avda. de Coímbra, Avda. de Salamanca, rúas Oviedo e Ultraia, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda que o goberno local realice unha actuación de reforma integral, comezando xa neste 2020, para a reurbanización da zona da avenida de Salamanca, da avenida de Coímbra, da rúa Oviedo e da rúa Ultraia co fin de gañar accesibilidade, pavimentar a rede viaria, ordenar o tráfico e, en definitiva, recuperar os espazos públicos para a veciñanza.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG, co núm. 80, para a creación dun cemiterio de animais domésticos, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA) e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 7 PP) acorda: que o concello impulse, en colaboración co Refuxio de Animais, o seu Padroado e asociacións de defensa dos dereitos dos animais, a creación dun cemiterio público de mascotas comarcal en Santiago de Compostela.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA, co núm. 83, para o rexeitamento da creación dunha universidade privada, e despois de ser aceptada a emenda transaccional do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e 2 do BNG, e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal Popular acorda:

1. Mostrar o apoio do Concello de Santiago de Compostela ao documento asinado polos reitores da USC, UDC e UVIGO en defensa das universidades públicas do noso país

como oposición o anteproxecto de lei de creación da Universidade Intercontinental de la Empresa.

2. Mostrar o apoio do Concello de Santiago de Compostela á “Plataforma Galega en defensa da universidade pública.

Na moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, co núm. 86, con relación á recuperación do patrimonio cultural e natural de Lavacolla, a que presentaron emendas os grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE, e despois de ser aceptado a emenda a punto 2º do PP e a do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. O Concello de Santiago de Compostela recuperará o patrimonio cultural e natural de Lavacolla, como demanda a asociación veciñal Ruta Xacobeá, e realizará as xestións necesarias para a dotación de servizos básicos e mellora de infraestruturas que dependen do concello na parroquia de Sabugueira.

2. O Concello de Santiago instará ao Goberno do Estado a executar sen máis dilación a conexión das antigas estradas N-634 e N-547, cortadas na zona de Lavacolla coa apertura da autovía Santiago-Lugo, e outras melloras neste ámbito, conforme aos acordos plenarios adoptados en xaneiro de 2018 e xullo de 2019.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, co número de rexistro 103, para a declaración como BIC da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG e que non foi aceptada polo PP, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (7 PP e 10 PSdeG-PSOE) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

1. Declarar o apoio do Concello de Santiago ao impulso por parte da Xunta de Galicia da declaración da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, que anualmente se celebra na Catedral de Lugo, como Ben de Interese Cultural (BIC) de Galicia.

2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

A moción presentada polo grupo municipal de CA, co núm. 105, para apoiar as demandas e reivindicacións do colectivo de traballadoras “Kellys”, á que presentou

emenda o grupo municipal do PP e que non foi aceptada, e despois de acordar a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por unanimidade dos/as concelleiros presentes, mostrar a solidariedade do Concello de Santiago con todas as traballadoras ou ‘Kellys’ que sofren discriminación e incumprimento dos seus dereitos laborais, así como dar un apoio manifesto ás súas reivindicacións para a mellora da súa situación.

2. Por 7 votos favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG, e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes os grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular acorda instar ao órgano competente do Concello de Santiago a estudar a posibilidade de crear un distintivo ou selo de calidade das condicións laborais e sociais das empresas de hostalería de Santiago de Compostela, que recoñeza o cumprimento dos convenios colectivos e normativa laboral nos Hoteis, Hostais, Albergues, Apartamentos e Pensiós de Santiago de Compostela; co obxectivo de promover Compostela como un destino turístico que sexa social e laboralmente sustentable.

3. Por 7 votos favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG, e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes os grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular acorda instar á Xunta de Galicia a desenvolver un plano de seguridade laboral con accións específicas e a non subvencionar ou outorgar axudas a establecementos turísticos que teñan expedientes abertos relativos ao incumprimento das condicións laborais das empregadas; e a abrir unha liña de axudas para aquelas empresas que non externalicen servizos e realicen contratacións directas.

4. Por 17 votos favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG, e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do Partido Popular acorda instar ao Goberno do Estado a modificar as condicións de xubilación anticipada atendendo a peticións do colectivo das ‘Kellys’, estudando a rebaixa da idade establecida ata os 58 ou 60 anos.

O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 00:05 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Manuel González García

